



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto conmemorativo do 70 aniversario da presentación de *Sempre en Galiza* en Bos Aires e do 30 aniversario do traslado dos restos de Castelao a Galicia

Parlamento de Galicia, 4 de xullo de 2014,

Presidente da Xunta de Galicia
Presidente do Consello da Cultura Galega
Presidente da Fundación Castelao
Delegado do Goberno
Membros da Mesa do Parlamento
Portavoces
Conselleiro de Cultura e Educación
Deputados e deputadas
Senadores
Alcalde de Rianxo
Amigos e Amigas

Quero darlles, unha vez máis, a benvida ao Parlamento de Galicia.

Non hai moito falaba aquí, neste Salón dos Reis, que todos os pobos teñen símbolos de seu e que todos tentan sinalar a través deles os seus trazos identificativos e diferenciadores.

Sen dúbida, Castelao, o irmán Daniel, como lle chamaba agarimosamente Otero Pedrayo, o debuxante, pintor, caricaturista, xornalista, ensaísta, conferenciante, escritor, crítico, novelista, viaxeiro, investigador, pensador, desterrado, exiliado e político, foi un deses sinais diferenciadores que aglutinou arredor de si un pobo, Galicia, que o converteu nun símbolo.

Deste símbolo, recollido polo novo Rei Felipe VI no seu discurso de proclamación, quero, como presidenta do Parlamento de Galicia, lembrar algunha das súas arelas políticas.

Castelao, coma moitos dos nosos devanceiros da Xeración Nós ou das Irmandades da Fala, arelaba unha terra dona de seu («Galicia



é unha unidade perfecta»), cunhas institucións de autogoberno que puidesen elaborar leis na nosa propia lingua («Galicia ten dereito a dispoñer dos seus destinos»). E coma moitos dos homes daquel tempo, crendo, esperando e amando, afanouse sen acougo na reconstrución do seu País.

Castelao identificouse moral e sentimentalmente co seu pobo, e con penetrante ollo crítico fura nos homes e nas cousas. Cando con humildade di «eu non sei pintar, nin quero saber pintar, máis SINTO a nosa paisaxe... deixando que a natureza entrase dentro de min», está a describir un feito do que todos nós podemos dar fe: Castelao convértese en patrimonio común do pobo galego. No pobo tiña a súa raigaña nutricia e ao pobo pertencerá para sempre e por enteiro.

O Castelao deputado galeguista independente para as Cortes Constituíntes da II República, defensor e redactor do primeiro Estatuto de Galicia, estaría satisfeito do desenvolvemento estatutario que ao amparo da Constitución de 1978 acadamos entre todos. Como dicía en *Alba de Groria*, novos tempos requiren novos sistemas de estruturas.

Hoxe celebramos dúas conmemoracións: os 70 anos da publicación en Bos Aires do libro *Sempre en Galiza*, «grande fresco da nosa historia e da nosa Cultura» como escribiu o profesor Villares, que podemos considerar a obra chave de Castelao e da que o Parlamento de Galicia fixo unha edición crítica, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, en 1992. E celebramos tamén os 30 anos do traslado dos seus restos dende o cemiterio da Chacarita, en Bos Aires, ao Panteón de Galegos Ilustres en Bonaval.

Desexo que a semente que os dous feitos tiveron no devir do noso pobo sigan medrando.



O Parlamento, lugar de encontro, lugar dos diálogos, lugar das palabras, séntese moi honrado por acoller esta celebración. E felicito e agradezo ao Consello da Cultura Galega e mais á Fundación Castelao por facernos participes dela. Estou certa de que logo das intervencións que imos escoitar, a maior parte delas a cargo de colaboradores da mentada edición que o Parlamento patrocinou no seu momento, todos nós crecemos tamén en coñecementos arredor do símbolo Castelao.

De todos e de Galicia. Moitas grazas.